

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 627

V lexislatura

16 de novembro de 2000

SUMARIO

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

3.2.3. RESOLUCIÓNS APROBADAS

—Resolucións subseguintes ó debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. 26.643

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.1. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

4.1.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN

—Solicitude de comparecencia, por iniciativa de dous deputados e dúas deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, da persoa responsable do mantemento do Hospital Xeral-Cíes, para informar sobre o xermolo de lexionela en Vigo (núm. 16.489. Comisión 5.^a). 26.649

—Solicitude de comparecencia, por iniciativa de dous deputados e dúas deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, da Sra. directora xeral de Saúde Pública, para informar sobre o xermolo de lexionela en Vigo (núm. 16.490. Comisión 5.^a). 26.650

—Solicitude de comparecencia, por iniciativa de dous deputados e dúas deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, dos representantes sindicais con representación na Xunta de Persoal do Hospital Xeral-Cíes, para informar sobre o xermolo de lexionela en Vigo (núm. 16.491. Comisión 5.^a). 26.650

—Solicitude de comparecencia, por iniciativa de dous deputados e dúas deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, do Sr. xerente do Hospital Xeral-Cíes, para informar sobre o xermolo de lexionela en Vigo (núm. 16.492). 26.651

4.3. PREGUNTAS

4.3.2. PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN

SUMARIO

—Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a soldada media de Galicia (núm. 16.493. Comisión 5.^a).

26.652

—Pregunta oral en Comisión, formulada por D.^a María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posta en marcha do programa de asesoramento xurídico gratuíto ás mulleres vítimas de violencia doméstica e de asistencia de letrado en xuízos de faltas e os datos referentes ó seu desenvolvemento (núm. 16.494. Comisión 5.^a).

26.652

—Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o pagamento dos intereses de demora ós que está a facer fronte a Xunta de Galicia no tocante ás indemnizacións establecidas por sentenza xudicial (núm. 16.496. Comisión 5.^a).

26.653

4.3.3. PREGUNTAS POR ESCRITO

—Pregunta por escrito, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados prácticos do programa de vivendas de protección pública en réxime de aluguer, incluído no Plan de acción xove (núm. 16.484).

26.654

—Pregunta por escrito, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados prácticos do programa de vivendas de promoción pública para a mocidade, incluído no Plan de acción xove (núm. 16.485).

26.655

—Pregunta por escrito, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados prácticos do programa de plans de mellora no sector agrario, incluído no Plan de acción xove (núm. 16.486).

26.655

—Pregunta por escrito, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados prácticos do programa de polígonos agrarios, incluído no Plan de acción xove (núm. 16.487).

26.656

—Pregunta por escrito, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados prácticos do programa de instalación de mozos e mozas no sector agrario, incluído no Plan de acción xove (núm. 16.488).

26.656

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

3.2.3. RESOLUCIÓNS APROBADAS

Resolucións subseguintes ó debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.

Presidencia

O Pleno do Parlamento de Galicia, na sesión que tivo lugar o día 11 de outubro de 2000, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución”, aprobou as seguintes resolucións:

Resolución relativa ó Plan galego de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación 2002-2005.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a darlle un impulso máis á competitividade do tecido industrial productivo de Galicia intensificando os esforzos na integración e coordinación das accións I+D+I do Plan galego de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación 2002-2005, que xa está en fase de elaboración.”

(Resolución núm. 1, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa ó desenvolvemento da sociedade da información en Galicia.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que promova unha acción estratéxica concertada cos distintos axentes implicados, cun esforzo común, para dar un impulso que acelere o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia.”

(Resolución núm. 2, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa ó establecemento de oficinas territoriais do Instituto Galego de Promoción Económica.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a mellora-la accesibilidade das empresas ós instrumentos de apoio público a través do establecemento de oficinas territoriais do Igape.”

(Resolución núm. 3, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Resolución relativa ó establecemento polo Instituto Galego de Promoción Económica de liñas de servizos para apoiar plans de mellora da competitividade das empresas, da súa proxección exterior ou de novas iniciativas de negocio.

“O Parlamento insta o Igape a que estableza liñas de servizos dirixidas ás empresas coa finalidade de apoiar plans de mellora da súa competitividade, da súa proxección exterior ou de novas iniciativas de negocio.”

(Resolución núm. 4, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa ó establecemento polo Instituto Galego de Promoción Económica de liñas de apoio á implantación de proxectos innovadores.

“O Parlamento insta o Igape a que complete as actuais liñas de apoio, coa finalidade de contribuír ó éxito da implantación e maduración de novos proxectos, especialmente daqueles de carácter innovador.”

(Resolución núm. 5, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa á elaboración de indicadores dos resultados e impactos das actuacións contidas no Plan de desenvolvemento de Galicia 2000-2006.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a elaborar un conxunto de indicadores de resultados e impactos das actuacións de carácter prioritario contidas no Pedega 2000-2006.”

(Resolución núm. 6, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Resolución relativa á coordinación do calendario de elaboración e publicación de estatísticas polo Instituto Galego de Estatística en colaboración coas consellerías da Xunta de Galicia.

“O Parlamento insta o Instituto Galego de Estatística para que en coordinación coas consellerías elabore, antes do 31 de decembro de cada ano, un calendario de saída das publicacións de resultados das operacións estatísticas incluídas en cada programa estatístico do ano seguinte.”

(Resolución núm. 7, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Resolución relativa á elaboración dun estudo de mercado dos inmobles rústicos e urbanos de Galicia.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que os servizos territoriais de valoracións da Consellería de Economía e Facenda elaboren un estudo de mercado dos inmobles rústicos e urbanos sitos no ámbito territorial da nosa Comunidade Autónoma.”

(Resolución núm. 8, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Resolución relativa á formulación pola Xunta de Galicia á Federación Galega de Municipios e Provincias de diversas propostas referentes ás competencias transferibles ou delegables e ó establecemento dunha porcentaxe de participación nos ingresos tributarios da Facenda galega.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a: propoñerlle á Fegamp:

1.º) Un conxunto de materias sobre as que poder acordar transferencias ou delegacións con anterioridade ó 31 de xaneiro de 2001. As ditas transferencias irán acompañadas, de se-lo caso, da posta á disposición dos correspondentes concellos dos medios persoais e materiais necesarios para o seu desempeño así como do custo efectivo que a súa prestación veña supoñendo para a Xunta de Galicia.

2.º) Establecer nas comisións de traballo da Comisión Galega de Cooperación Local os criterios ós que haberá de acomodarse a distribución das transferencias de carácter finalista que cada ano se conteñan nos orzamentos da Comunidade Autónoma.

3.º) Que, se existe consenso, e pola vía da emenda, se estableza na Lei de acompañamento unha porcentaxe de participación nos ingresos tributarios da Facenda galega que substitúa o actual Fondo de Cooperación Local. Este novo fondo terá carácter non finalista, sen prexuízo do necesario período transitorio que a súa implantación precise.”

(Resolución núm. 9, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa á continuidade do plan de orientación profesional.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a continuar co plan establecido de orientación profesional, partindo da análise dos datos de inserción laboral dos alumnos que cursaron ciclos formativos e procurando a reorientación da oferta educativa en función das distintas variables do tecido productivo.”

(Resolución núm. 10, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Resolución relativa á creación e posta en marcha da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a crear e poñer en marcha a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, como órgano encargado de velar pola calidade do ensino, que debe se-lo responsable de estudar e aplicar métodos para avalia-la calidade dos distintos centros que integran a rede así como de poñer-las medidas para a súa mellora.”

(Resolución núm. 11, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Resolución relativa á elaboración de materiais multimedia para a formación a distancia no ensino non universitario.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a potencia-la elaboración de materiais multimedia para a formación a distancia a través de Internet no ensino non universitario.”

(Resolución núm. 12, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Resolución relativa á posta en marcha dun plan experimental de mellora da calidade educativa.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan experimental de mellora da calidade educativa nalgúns centros de ensino non universitario, co fin de procurarlle ó seu profesorado unha axeitada formación ó respecto.”

(Resolución núm. 13, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa á construción de lonxas agropecuarias.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a seguir na construción de lonxas agropecuarias, tendo en conta a necesidade de adapta-las producións agrarias á rápida dinámica dos mercados e a necesaria diversificación das actividades agrarias cara a producións de al-

ta calidade e salubridade, e elevado valor engadido, en liña co recomendado pola Unión Europea e polo Comité Económico e Social da Unión Europea.”

(Resolución núm. 14, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa á elaboración da normativa reguladora da produción integrada agraria.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que no prazo de tempo máis breve posible se elabore e publique a normativa reguladora da produción integrada en Galicia e os regulamentos técnicos de produción integrada correspondentes ás producións agrarias de interese para Galicia.”

(Resolución núm. 15, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa á normativa de garantía da calidade dos produtos alimentarios galegos.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que no prazo de tempo máis breve posible se articulen mecanismos normativos e funcionais que, ó amparo dunha normativa unificada de calidade e mediante o establecemento de instrumentos efectivos de control, permita proxectar-los produtos alimentarios galegos con garantías de calidade fiable e en liña coas actuais esixencias do mercado.”

(Resolución núm. 16, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa á elaboración dun estudio sobre o sector cárnico en Galicia.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que no prazo de tempo máis breve posible se aborde un estudio profundo e obxectivo sobre a situación actual do sector cárnico en Galicia, determinando para cada zona, de acordo coas súas peculiaridades e posibilidades de mercado, as producións máis aconsellables, e

se formulen os mecanismos precisos para a súa dinamización.”

(Resolución núm. 17, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa á dotación de material informático ás bibliotecas municipais que forman parte da rede de bibliotecas de Galicia.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que dote de material informático ás bibliotecas municipais que forman parte da rede de bibliotecas de Galicia que aínda non contan co dito material e que funcionan con regularidade.”

(Resolución núm. 18, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Resolución relativa ó desenvolvemento das actividades do Festival Internacional de Música de Galicia en tódalas cidades galegas.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que o Festival Internacional de Música de Galicia desenvolva algunha actividade non só en Santiago de Compostela, senón tamén nas outras grandes cidades galegas.”

(Resolución núm. 19, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa á recuperación dos mosteiros e do seu contorno.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a continuar coa recuperación dos mosteiros e coas actuacións nos seus contornos para acadar non só a súa rehabilitación, senón tamén a súa posta en valor como elemento socioeconómico de estabilidade e dinamizador do turismo cultural.”

(Resolución núm. 20, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm.

16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa á adopción de medidas para a renovación tecnolóxica da telefonía celular.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a presentarlle á Administración do Estado, para o seu financiamento e execución inmediata, un conxunto de medidas encamiñadas á renovación tecnolóxica de telefonía celular despregada en Galicia, para promover a implantación polas operadoras de sistemas que teñan capacidade suficiente para a comunicación vía Internet, con atención especial ó medio rural, dadas as súas especiais necesidades.”

(Resolución núm. 21, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Resolución relativa á promoción de Galicia como destino turístico termal.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a manter un esforzo continuado co fin de situar a Galicia como un destino turístico termal punteiro no ámbito internacional, dada a eficacia deste turismo para crear postos de traballo estables e cualificados e para desestacionalizar e diversificar a demanda.”

(Resolución núm. 22, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa á celebración no ano 2001 dos aniversarios de Ramón Otero Pedrayo, Curros Enríquez e Ramón Cabanillas.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que celebre, o próximo ano 2001, coa dignidade que requiren:

- O 25 aniversario do falecemento de Ramón Otero Pedrayo.

- O 150 aniversario do nacemento de Curros Enríquez.

- O 125 aniversario do nacemento de Ramón Cabanillas.”

(Resolución núm. 23, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Resolución relativa á creación de novas unidades de atención primaria de tarde.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que durante o ano 2001 cree novas unidades de atención primaria de tarde, alomenos en tódolos concellos de 15.000 ou máis habitantes, iniciando, de xeito paralelo, o desenvolvemento deste programa nalgúns núcleos de máis de 10.000 habitantes.”

(Resolución núm. 24, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa ó establecemento do mapa farmacéutico de Galicia.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a establecelo mapa farmacéutico de Galicia.”

(Resolución núm. 25, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa á potenciación dos programas de respiro a familias con persoas discapacitadas ó seu cargo.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a potenciar e impulsa-los programas de respiro a familias que teñan ó seu cargo persoas con discapacidades para ofrecerlles un período de descanso e reduci-la carga emocional e física a que se ven sometidos así como evita-los internamentos innecesarios, dentro das disposicións orzamentarias.”

(Resolución núm. 26, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa á ampliación do Programa de detección precoz do cancro de mama ó grupo de idade de 65 a 69 anos.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que, a través da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, amplíe a idade do Programa de detección precoz do cancro de mama ó grupo de 65-69 anos.”

(Resolución núm. 27, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Resolución relativa ó deseño e execución dun programa de desenvolvemento psicoafectivo para a xente nova.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a deseñar e executar un programa de desenvolvemento psicoafectivo incidindo na educación sexual nas escolas e na realización de talleres e xornadas dirixidos á xente nova.”

(Resolución núm. 29, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Resolución relativa ós programas de axudas á flota pesqueira galega.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a fomentar a instauración de programas de axudas dentro das disposicións orzamentarias á flota pesqueira galega, destinados á adquisición de buques de pesca de ocasión incluídos no Censo de flotas de altura, que operan dentro dos límites xeográficos da Comisión de Pesca do Atlántico Norte (NEAFC), co obxecto de favorecer-la consolidación e modernización desta flota de gran importancia estratéxica, tanto pola súa relevancia socioeconómica coma polo tipo de capturas, e por tratarse dun caladoiro continxentado.”

(Resolución núm. 30, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa ás normas de seguridade e inspección de buques pesqueiros.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a demandar da Administración do Estado que, de acordo coa

Directiva comunitaria 97/70, do 11 de decembro de 1997, e co Real decreto 1032/1999, do 18 de xuño, polo que se determinan as normas de seguridade que teñen que cumprir os buques pesqueiros de eslora igual ou superior a 24 metros, se establece un plan de inspeccións para barcos pesqueiros con pavillón de terceiros países ou doutros estados membros da Unión Europea, cando alixen en portos españois.”

(Resolución núm. 31, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Resolución relativa á profesionalización e regulación do traballo doméstico.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a facilitar a contratación de axudas domiciliarias para o coidado dos fillos a través da profesionalización e regulación do traballo doméstico, mediante a axuda dentro das disponibilidades orzamentarias á inclusión das traballadoras domésticas no seu réxime específico da Seguridade Social.”

(Resolución núm. 32, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Resolución relativa ó acceso da xente nova ás novas tecnoloxías da información e da comunicación.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a facilitar o acceso da xente nova galega ás novas tecnoloxías da información e comunicación con independencia do seu nivel de estudos e do seu lugar de residencia.”

(Resolución núm. 33, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Resolución relativa á promoción da experiencia laboral directa da xente moza universitarias.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a intensificar as accións dirixidas a promocionar a xente moza universitarias galegas nunha experiencia laboral

directa que complete a súa formación académica e facilite a súa inserción laboral efectiva.”

(Resolución núm. 34, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Resolución relativa á promoción da estabilidade no emprego e da inserción laboral.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a reforzar os programas dirixidos a mellorar as taxas de estabilidade no emprego, engadíndolles ás medidas que benefician directamente colectivos con especiais dificultades de inserción laboral outras que promovan e incentiven a elaboración e execución de plans de estabilidade laboral a nivel de empresa.”

(Resolución núm. 35, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa á conciliación da vida familiar e laboral e ó establecemento de axudas ás familias con fillos menores de tres anos.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a facilitar a conciliación da vida familiar e laboral para facilitar o coidado dos fillos e o acceso e permanencia no mercado de traballo, establecendo axudas dentro das disponibilidades orzamentarias que benefician directamente as familias con fillos menores de tres anos.”

(Resolución núm. 36, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa á potenciación do observatorio para a xestión sostible do monte.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a potenciar o observatorio para a xestión sostible do monte como soporte da información, extensión e divulgación do sector forestal de Galicia, en concreto, dos propietarios e industrias forestais, e propoñerlle ó Goberno central a súa inclusión como punto focal dentro da estratexia forestal española.”

(Resolución núm. 37, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa á creación dun centro de formación do persoal de prevención e loita contra os lumes forestais.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a crear dentro das disponibilidades orzamentarias un centro de formación e adestramento específico de persoal na prevención e loita contra os lumes forestais.”

(Resolución núm. 38, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións).

Resolución relativa á elaboración dun mapa de ruídos para o territorio de Galicia.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas oportunas para elaborar, nun prazo non superior a tres anos, un mapa de ruídos a gran escala para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.”

(Resolución núm. 39, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Resolución relativa ó desenvolvemento dunha rede propia de observación e predicción meteorolóxica.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a desenvolver de forma continuada unha rede de observación e predicción meteorolóxica propia.”

(Resolución núm. 40, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Resolución relativa á ampliación e reforzamento do sistema de información ambiental.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se reforce e amplíe o sistema de información ambiental.”

(Resolución núm. 41, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. núm. 16.289—, aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións).

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2000

José María García Leira

Presidente

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.1. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

4.1.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN

Solicitud de comparecencia, por iniciativa de dous deputados e dúas deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, da persoa responsable do mantemento do Hospital Xeral-Cíes, para informar sobre o xermolo de lexionela en Vigo (núm. 16.489. Comisión 5.ª).

Presidencia

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 27 de outubro de 2000, admitiu a trámite, e acordou o seu traslado á Mesa da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, o escrito no que se solicita, por iniciativa de dous deputados e dúas deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a comparecencia da persoa responsable do mantemento do Hospital Xeral-Cíes, para informar sobre o xermolo de lexionela en Vigo (núm. 16.489).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2000

José María García Leira

Presidente

Á Mesa do Parlamento

Os deputados Xosé Francisco Ferreiro Abelleira e Alberte Xullo Rodríguez Feixóo e as deputadas María Olaia Fernández Davila e María Salomé Álvarez Blanco, pertencentes ó Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do disposto nos artigos 144 e 98 do Regulamento, solicitan desda Mesa que se proceda, coa maior brevidade posi-

ble, á tramitación da comparecencia na Comisión 5.^a da persoa responsable de mantemento do Hospital Xeral-Cíes, dado que a intervención en Pleno do Sr. conselleiro de Sanidade (o día 24 deste mes) para informar sobre o xermolo de lexionela en Vigo non serviu para botar luz sobre tódolos acontecementos, e nomeadamente os que atinxen as normas e os protocolos de limpeza no antedito hospital.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2000

Asdo.: Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

Alberte Xullo Rodríguez Feixóo

María Olaia Fernández Davila

María Salomé Álvarez Blanco

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Solicitud de comparecencia, por iniciativa de dous deputados e dúas deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, da Sra. directora xeral de Saúde Pública, para informar sobre o xermolo de lexionela en Vigo (núm. 16.490. Comisión 5.^a).

Presidencia

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 27 de outubro de 2000, admitiu a trámite, e acordou o seu traslado á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, o escrito no que se solicita, por iniciativa de dous deputados e dúas deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a comparecencia da Sra. directora xeral de Saúde Pública, para informar sobre o xermolo de lexionela en Vigo (núm. 16.490).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2000

José María García Leira

Presidente

Á Mesa do Parlamento

Os deputados Xosé Francisco Ferreiro Abelleira e Alberte Xullo Rodríguez Feixóo e as deputadas María Olaia Fernández Davila e María Salomé Álvarez Blanco, pertencentes ó Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do disposto nos artigos 144 e 98 do Regulamento, solicitan desa Mesa que se proceda, coa maior brevidade posible, á tramitación da comparecencia na Comisión 5.^a da directora xeral de Saúde Pública, dado que a inter-

vención en Pleno do Sr. conselleiro de Sanidade (o día 24 deste mes) para informar sobre o xermolo de lexionela en Vigo non serviu para botar luz sobre tódolos acontecementos, e nomeadamente os que atinxen os tempos e pasos que se seguiron dende o punto de vista epidemiolóxico.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2000

Asdo.: Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

Alberte Xullo Rodríguez Feixóo

María Olaia Fernández Davila

María Salomé Álvarez Blanco

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Solicitud de comparecencia, por iniciativa de dous deputados e dúas deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, dos representantes sindicais con representación na Xunta de Persoal do Hospital Xeral-Cíes, para informar sobre o xermolo de lexionela en Vigo (núm. 16.491. Comisión 5.^a).

Presidencia

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 27 de outubro de 2000, admitiu a trámite, e acordou o seu traslado á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, o escrito no que se solicita, por iniciativa de dous deputados e dúas deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a comparecencia dos representantes sindicais con representación na Xunta de Persoal do Hospital Xeral-Cíes, para informar sobre o xermolo de lexionela en Vigo (núm. 16.491).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2000

José María García Leira

Presidente

Á Mesa do Parlamento

Os deputados Xosé Francisco Ferreiro Abelleira e Alberte Xullo Rodríguez Feixóo e as deputadas María Olaia Fernández Davila e María Salomé Álvarez Blanco, pertencentes ó Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do disposto nos artigos 144 e 98 do Regulamento, solicitan desa Mesa que se proceda, coa maior brevidade posible, á tramitación da comparecencia na Comisión 5.^a dos representantes sindicais con representación na

Xunta de Persoal do Hospital Xeral-Cíes, dado que a intervención en Pleno do conselleiro de Sanidade (o día 24 deste mes) para informar sobre o xermolo de lexionela en Vigo non serviu para botar luz sobre tódolos acontecementos, e nomeadamente para coñecer a visión dos traballadores do centro, máxime cando as súas opinións foron descualificadas polas autoridades sanitarias e o propio conselleiro.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2000

Asdo.: Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

Alberte Xullo Rodríguez Feixóo

María Olaia Fernández Davila

María Salomé Álvarez Blanco

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Solicitude de comparecencia, por iniciativa de dous deputados e dúas deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, do Sr. xerente do Hospital Xeral-Cíes, para informar sobre o xermolo de lexionela en Vigo (núm. 16.492).

Presidencia

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 27 de outubro de 2000, admitiu a trámite, e acordou o seu traslado á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, o escrito no que se solicita, por iniciativa de dous deputados e dúas deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a comparecencia do Sr. xerente do Hospital Xeral-Cíes, para informar sobre o xermolo de lexionela en Vigo (núm. 16.492).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2000

José María García Leira

Presidente

Á Mesa do Parlamento

Os deputados Xosé Francisco Ferreiro Abelleira e Alberte Xullo Rodríguez Feixóo e as deputadas María Olaia Fernández Davila e María Salomé Álvarez Blanco, pertencentes ó Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do disposto nos artigos 144 e 98 do Regulamento, solicitan desa Mesa que se proceda, coa maior brevidade posible, á tramitación da comparecencia na Comisión 5.^a do Sr. xerente do Hospital Xeral-Cíes, dado que a in-

tervención en Pleno do Sr. conselleiro de Sanidade (o día 24 deste mes) para informar sobre o xermolo de lexionela en Vigo non serviu para botar luz sobre tódolos acontecementos, e nomeadamente os que atinxen as medidas da obriga do cumprimento emanadas da Lei de prevención de riscos laborais.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2000

Asdo.: Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

Alberte Xullo Rodríguez Feixóo

María Olaia Fernández Davila

María Salomé Álvarez Blanco

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

4.3. PREGUNTAS

4.3.2. PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN

Preguntas orais en Comisión formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 27 de outubro de 2000, admitiu a trámite e cualificou como preguntas orais, acordando a súa tramitación na Comisión que se expresa, os escritos que a seguir se relacionan:

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego:

- De D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a soldada media de Galicia (núm. 16.493).

- De D.^a María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posta en marcha do programa de asesoramento xurídico gratuíto ás mulleres vítimas de violencia doméstica e de asistencia de letrado en xuízos de faltas e os datos referentes ó seu desenvolvemento (núm. 16.494).

- De D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o pagamento dos intereses de demora ós que está a facer fronte a Xunta de Galicia no tocante ás indemnizacións establecidas por sentenza xudicial (núm. 16.496).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2000

Miguel Santalices Vieira

Vicepresidente 1.º

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a soldada media de Galicia (núm. 16.493. Comisión 5.ª).

Á Mesa do Parlamento

Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta sobre a soldada media de Galicia, para a súa resposta oral en Comisión.

Segundo a enquisa de soldadas na industria e os servizos elaborada polo Instituto Estatal de Estatística, a soldada media que recibe un empregado en Galicia por un mes de traballo é de 186.847 pesetas, o que constitúe unha soldada de 33.811 pesetas inferior á media estatal, establecida en 220.658 pesetas. De igual xeito, o importe da hora de traballo en Galicia sitúase nas 1.316 pesetas, isto é, 236 pesetas menos por hora que a media estatal.

Por outra banda, nos datos contidos no informe “*Tendencias do emprego en Galicia*”, no segundo trimestre do ano 2000, salientase o número de contratos rexistrados, que ascendeu a 173.335, dos que unicamente 13.029 son de carácter indefinido, isto é, tan só un 7,5% dos contratos asinados no noso país son indefinidos, o que supón un descenso respecto da porcentaxe rexistrada nos anos de implantación da reforma laboral.

Ante a situación descrita, realízanse as seguintes preguntas:

1.ª) ¿Que valoración realiza a Xunta de Galicia ante os datos que poñen de manifesto que a soldada media en Galicia é un 15,32% inferior á soldada media do Estado español?

2.ª) ¿Que valoración realiza a Xunta de Galicia ante o feito de que en Galicia o importe da hora de traballo sexa 236 pesetas inferior que o importe da hora de traballo no Estado español?

3.ª) ¿Está a Xunta de Galicia en condicións de ofrecer información respecto do número de familias galegas que viven cunha soldada inferior á soldada mínima interprofesional?

4.ª) ¿Como explica a Xunta de Galicia o feito de que estes datos afirmen que a soldada media da cidadanía galega acade as 186.847 pesetas e que os últimos datos do informe “*Tendencias do emprego en Galicia*”, no segundo trimestre do ano 2000, poña de manifesto que tan só un 7,5% dos contratos asinados no noso país son indefinidos?

Pazo do Hórreo, 24 de outubro de 2000

Asdo.: Alberte Xullo Rodríguez Feixóo

Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D.ª María Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posta en marcha do programa de asesoramento xurídico gratuíto ás mulleres vítimas de violencia doméstica e de asistencia de letrado en xuízos de faltas e os datos referentes ó seu desenvolvemento (núm. 16.494. Comisión 5.ª).

Á Mesa do Parlamento

María Salomé Álvarez Blanco, deputada do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Nunhas recentes declaracións a Sra. conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, ó remate da Conferencia sectorial da muller, anunciou a posta en marcha en Galicia dun programa de asesoramento xurídico gratuíto ás mulleres vítimas de violencia doméstica e de asistencia de letrado en xuízos de faltas.

Estas declaracións foron acollidas con satisfacción polas mulleres vítimas de malos tratos e polo BNG, pois levamos tempo demandando en diferentes iniciativas, tanto no Parlamento coma nos concellos, que se estendera a protección de asistencia xurídica gratuíta ás mulleres vítimas de violencia de xénero nos xuízos de faltas, e polo tanto esperamos que non se converta nun mero anuncio propagandístico e sirva real-

mente para lles dar solucións ás xustas demandas de moitas mulleres maltratadas.

Co fin de coñecer con máis concreción en qué consiste este programa e cómo vai ser desenvolvido, en qué prazo e con qué orzamento conta, é polo que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) ¿En que consiste a colaboración do Instituto da Muller? ¿Vai facer algunha achega económica para este fin? ¿En que cantidade?

2.ª) ¿En que consiste o programa de asesoramento xurídico gratuíto ás mulleres vítimas de violencia de xénero? ¿Quen vai facer ese asesoramento? ¿Onde se vai facer?

3.ª) ¿Cal é o orzamento destinado a ese fin? ¿En que partida?

4.ª) ¿En que vai consisti-la asistencia de letrado nos xuizos de faltas? ¿Como se vai levar a cabo? ¿Vaise crear unha quenda específica de oficio para os casos de maltrato a mulleres?

5.ª) ¿Cal é o orzamento destinado a este fin? ¿Con cargo a que partida?

6.ª) ¿Cal é o prazo para pór en marcha este programa?

7.ª) ¿En que van consisti-las campañas de concienciación anunciadas pola Sra. conselleira? ¿A que sectores van ser dirixidas?

8.ª) ¿Que función van desempeña-las casas de acoillida?

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2000

Asdo.: María Salomé Álvarez Blanco
Deputada do G.P. do BNG

Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o pagamento dos intereses de demora ós que está a facer fronte a Xunta de Galicia no tocante ás indemnizacións establecidas por sentenza xudicial (núm. 16.496. Comisión 5.ª).

Á Mesa do Parlamento

Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presen-

ta a seguinte Pregunta sobre o pagamento dos intereses de demora ós que está a facer fronte a Xunta de Galicia no tocante ás indemnizacións establecidas por sentenza xudicial, para a súa resposta oral en Comisión.

A Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 3 de decembro de 1999 púxolle fin ó longo preito dun veciño de Ourense contra o Sergas, ó que lle esixe responsabilidades polo pasamento da súa dona logo de contrae-la sida por mor dunha transfusión de sangue no Complexo Hospitalario ourensán.

A devandita reclamación foi atendida en primeira instancia polo Xulgado número 3 de Ourense, que no mes de xullo de 1994 estableceu unha indemnización de 30 millóns de pesetas para a familia da vítima.

O Sergas apelou contra esta sentenza, mais un posterior recurso de casación ante a Sala Primeira do Tribunal Supremo validou a sentenza e impuxo o pagamento dos intereses correspondentes desde a data do 12 de xullo de 1994 ata o pagamento completo da cantidade sentenciada en primeira instancia. Os beneficiarios víronse obrigados a reclama-la execución da sentenza ante o silencio da Xunta de Galicia, para demanda-lo pagamento da devandita indemnización, que segue a aumentar debido á circunstancia do engadido dos intereses de demora. Ata o momento de se cumpri-los tres meses desde a data da notificación formal da sentenza, a conta incrementase a razón de 3.493 pesetas diarias, que, sumada ós intereses de demora, ascende á cifra de 4.500 pesetas diarias. Así, a cantidade esixida polos representantes legais dos afectados ascende a 49,1 millóns de pesetas, que inclúen os 30 millóns establecidos pola sentenza, 12,1 millóns de intereses legais ata o día 15 de febreiro deste ano e os 7 millóns de pesetas correspondentes ós custos xudiciais.

Esta situación evidencia unha grave e dupla irresponsabilidade da Xunta de Galicia, que, ademais de ocasionar considerables prexuizos na facenda pública, mantén unha inexplicable resistencia ó acatamento dunha sentenza xudicial firme negándose a executa-la indemnización logo de máis de sete anos de litixio.

Por outra banda, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia acaba de facer pública unha sentenza que considera ó Sergas responsable da morte dunha mu-

ller embarazada que ingresou no Hospital Juan Canalejo afectada dunha peritonite que non lle foi detectada e que o condena a pagar unha indemnización de 21 millóns de pesetas, máis os intereses legais desde 1994, que poderían representar unha cantidade similar.

Por outra banda, o Sergas acaba de xustificala inexistencia de explicacións por parte da Xunta de Galicia ante a opinión pública co argumento de non ter notificación oficial da sentenza.

Os usuarios e as usuarias do Sergas presentan ó ano preto de 250 reclamacións administrativas e xudiciais por supostas negligencias, isto é, unha reclamación por cada 120.000 actos.

Ante a situación descrita, realízanse as seguintes preguntas:

1.ª) ¿Está en condicións a Xunta de Galicia de ofrecerlle explicacións á cidadanía galega respecto dos motivos polos que ofrece reiterada resistencia a acata-los dictames xudiciais respecto das indemnizacións ás vítimas das negligencias do Sergas?

2.ª) ¿Está en condicións a Xunta de Galicia de ofrecerlle á cidadanía galega información sobre o número e as contías das indemnizacións que a administración pública ten pendentes de execución?

3.ª) ¿É consciente a Xunta de Galicia de que a súa irresponsable negativa a acata-los dictames xudiciais respecto das devanditas indemnizacións está a ocasionar graves prexuízos na facenda pública?

4.ª) ¿Que valoración realiza a Xunta de Galicia e que medidas ten previsto adoptar ante os datos que evidencian que os usuarios e as usuarias do Sergas presentan ó ano preto de 250 reclamacións administrativas e xudiciais por supostas negligencias, isto é, unha reclamación por cada 120.000 actos?

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2000

Asdo.: Alberte Xullo Rodríguez Feixóo
Deputado do G.P. do BNG

4.3.3. PREGUNTAS POR ESCRITO

Preguntas por escrito formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 27 de outubro de 2000, admitiu a trámite e cualificou como preguntas con resposta escrita os documentos que a seguir se relacionan:

- De D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados prácticos do programa de vivendas de protección pública en réxime de aluguer, incluído no Plan de acción xove (núm. 16.484).

- De D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados prácticos do programa de vivendas de promoción pública para a mocidade, incluído no Plan de acción xove (núm. 16.485).

- De D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados prácticos do programa de plans de mellora no sector agrario, incluído no Plan de acción xove (núm. 16.486).

- De D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados prácticos do programa de polígonos agrarios, incluído no Plan de acción xove (núm. 16.487).

- De D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados prácticos do programa de instalación de mozos e mozas no sector agrario, incluído no Plan de acción xove (núm. 16.488).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2000

Miguel Santalices Vieira
Vicepresidente 1.º

Pregunta por escrito, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados prácticos do programa de vivendas de protección pública en réxime de aluguer, incluído no Plan de acción xove (núm. 16.484).

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta escrita, relativa ós resultados prácticos do programa de vivendas de protección pública en réxime de aluguer, incluído no Plan de acción xove.

A Xunta de Galicia está a pór en marcha o denominado Plan de acción xove, cunha vixencia prevista para o período 2000-2003.

Nel, dentro da política de vivenda, figura un “programa de vivendas de protección pública en réxime de aluguer”, que ten que desenvolver-la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, ó que se lle asigna unha cantidade de 230.000.000 de ptas. para investir no exercicio do ano 2000.

A fin de coñecer os resultados prácticos da aplicación deste programa, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.ª) ¿Cales foron os promotores beneficiados neste programa?

2.ª) ¿Con que cantidade en cada caso?

3.ª) ¿Cales foron os resultados prácticos da aplicación deste programa no ano 2000?

4.ª) Especificamente, ¿cantos mozos e universitarios, e en que concellos, accederon a vivendas en réxime de aluguer a través deste programa no ano 2000?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2000

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG

Pregunta por escrito, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados prácticos do programa de vivendas de promoción pública para a mocidade, incluído no Plan de acción xove (núm. 16.485).

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG),

ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta escrita, relativa ós resultados prácticos do programa de vivendas de promoción pública para a mocidade, incluído no Plan de acción xove.

A Xunta de Galicia está a pór en marcha o denominado Plan de acción xove, cunha vixencia prevista para o período 2000-2003.

Nel, dentro da política de vivenda, figura un “programa de vivendas de promoción pública para a mocidade”, que ten que desenvolver-la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, ó que se lle asigna unha cantidade de 250.000.000 de ptas. para investir no exercicio do ano 2000.

A fin de coñecer os resultados prácticos da aplicación deste programa, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.ª) ¿Cantos foron os beneficiados deste programa?

2.ª) ¿Con que cantidade media?

3.ª) ¿Cales foron os resultados prácticos da aplicación deste programa no ano 2000?

4.ª) ¿Cal é a porcentaxe destinada a vivendas para a mocidade dentro do conxunto das promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo?

5.ª) ¿En que concellos foron adxudicadas estas vivendas e en que número en cada caso?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2000

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG

Pregunta por escrito, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados prácticos do programa de plans de mellora no sector agrario, incluído no Plan de acción xove (núm. 16.486).

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, pre-

senta a seguinte Pregunta, para a súa resposta escrita, relativa ós resultados prácticos do programa de plans de mellora no sector agrario, incluído no Plan de acción xove.

A Xunta de Galicia está a pór en marcha o denominado Plan de acción xove, cunha vixencia prevista para o período 2000-2003.

Nel, dentro das medidas dirixidas ó rexueneceamento do sector agrario, establécense liñas de acción xerais con tratamento especial para mozos e mozas, entre as que figura un programa de “plans de mellora”, que ten que desenvolver-la Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, ó que se lle asigna unha cantidade de 1.599.000.000 de ptas. para investir no exercicio do ano 2000.

A fin de coñecer-los resultados prácticos da aplicación deste programa, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) ¿Quen foron os beneficiados deste programa?

2.^a) ¿Con que cantidade en cada caso?

3.^a) ¿Cales foron os resultados prácticos da aplicación deste programa no ano 2000?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2000

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG

Pregunta por escrito, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados prácticos do programa de polígonos agrarios, incluído no Plan de acción xove (núm. 16.487).

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta escrita, relativa ós resultados prácticos do programa de polígonos agrarios, incluído no Plan de acción xove.

A Xunta de Galicia está a pór en marcha o denominado Plan de acción xove, cunha vixencia prevista para o período 2000-2003.

Nel, dentro das medidas dirixidas ó rexueneceamento do sector agrario, establécense accións dirixidas exclusivamente á mocidade, entre as que figura un programa orientado á instalación de “polígonos agrarios”, que ten que desenvolver-la Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, ó que se lle asigna unha cantidade de 42.000.000 de ptas. para investir no exercicio do ano 2000.

A fin de coñecer-los resultados prácticos da aplicación deste programa, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) ¿Quen foron os beneficiarios deste programa?

2.^a) ¿Con que cantidade en cada caso?

3.^a) ¿Cales foron os resultados prácticos da aplicación deste programa no ano 2000?

4.^a) En concreto, ¿cantos mozos e mozas participan en polígonos agrarios, a través deste programa, no ano 2000?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2000

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG

Pregunta por escrito, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados prácticos do programa de instalación de mozos e mozas no sector agrario, incluído no Plan de acción xove (núm. 16.488).

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta escrita, relativa ós resultados prácticos do programa de instalación de mozos e mozas no sector agrario, incluído no Plan de acción xove.

A Xunta de Galicia está a pór en marcha o denominado Plan de acción xove, cunha vixencia prevista para o período 2000-2003.

Nel, dentro das medidas dirixidas ó rexuenece-mento do sector agrario, establécense accións dirixi- das exclusivamente á mocidade, entre as que figura un programa orientado ás “instalacións de mozos e mozas”, que ten que desenvolverla Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, ó que se lle asigna unha cantidade de 1.282.000.000 de ptas. para investir no exercicio do ano 2000.

A fin de coñecer os resultados prácticos da aplica- ción deste programa, fórmulanse as seguintes pregun- tas para a súa resposta escrita:

1.ª) ¿Quen foron os beneficiarios deste programa?

2.ª) ¿Con que cantidade en cada caso?

3.ª) ¿Cales foron os resultados prácticos da aplica- ción deste programa no ano 2000?

4.ª) En concreto, ¿cantas explotacións foron insta- ladas a cargo de mozos e mozas, a través deste pro- grama, no ano 2000?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2000

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.1.1 LEIS
 - 1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO
 - 1.1.3 NORMAS COMPLEMENTARIAS E RESOLUCIÓNS INTERPRETATIVAS DO REGULAMENTO
 - 1.1.4 CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.2.1 PROXECTOS DE LEI
 - 1.2.2 PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.2.3 PROPOSICIÓNS DE LEI DE INICIATIVA POPULAR
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 - 1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO
 - 1.3.2 PROPOSICIÓNS DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS
 - 1.3.3 PROPOSTAS DE CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.1.1 DECRETOS LEXISLATIVOS
 - 3.1.2 OBXECCIÓNS
 - 3.1.3 DICTAME DA COMISIÓN
 - 3.1.4 RESOLUCIÓN DO PLENO
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.2.1 COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.2.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.3.1 PROGRAMAS E PLANS
 - 3.3.2 INFORME DA PONENCIA
 - 3.3.3 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.3.4 RESOLUCIÓNS APROBADAS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.5.1 MOCIÓNS
 - 3.5.2 EMENDAS ÁS MOCIÓNS
 - 3.5.3 MOCIÓNS APROBADAS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.1.1 PROPOSICIÓNS
 - 3.6.1.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
 - 3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.6.2.1 PROPOSICIÓNS
 - 3.6.2.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
 - 3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.7.1 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA E A MESA
 - 3.7.2 DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS
 - 3.7.3 OUTRAS RESOLUCIÓNS
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 - 3.8.1 MEMORIA ANUAL DO CONSELLO DE CONTAS E INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS CONTAS DO SECTOR PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 3.8.2 INFORMES SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO
4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.1.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN PLENO
 - 4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO
 - 4.3.1.1 PREGUNTAS URXENTES

- 4.3.2 PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN
 - 4.3.3 PREGUNTAS POR ESCRITO
 - 4.4 RESPÓSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
- 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE Ó GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.3.1 NORMAS RELATIVAS Ó VALEDOR DO POBO
 - 5.3.2 INFORMES DO VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.1 NORMAS RELATIVAS Ó CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.2 INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
- 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
- 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.1.1 COMPOSICIÓN DO PLENO
 - 7.1.2 COMPOSICIÓN DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
 - 7.1.3 COMPOSICIÓN DA MESA DO PARLAMENTO
 - 7.1.4 COMPOSICIÓN DA MESA-XUNTA DE PORTAVOCES
 - 7.1.5 COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS
 - 7.1.6 COMPOSICIÓN DA MESA DAS COMISIÓNS
 - 7.1.7 COMPOSICIÓN DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.1 NORMAS DE RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.2 ESTATUTO DOS DEPUTADOS E GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2.3 ORZAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.2.4 CONTA XERAL DO PARLAMENTO
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.3.1 CONSTITUCIÓN DO PARLAMENTO
 - 7.3.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN POLAS QUE SE CREAN COMISIÓNS CONVOCATORIAS
 - 7.3.3 ACORDOS, RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DOS ÓRGANOS DA CÁMARA
 - 7.3.4.1 CONVALIDACIÓN DOS ACORDOS DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
 - 7.3.4.2 NORMAS DE FUNCIONAMENTO DE COMISIÓNS NON PERMANENTES
 - 7.3.4.3 PRÓRROGAS DOS PERÍODOS DE SESIÓNS
 - 7.3.4.4 HABILITACIÓN DE DÍAS HÁBILES
 - 7.3.4.5 DÍAS E HORAS DE REXISTRO DE DOCUMENTOS
 - 7.3.4.6 OUTRAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS
 - 7.3.5 DISOLUCIÓN DO PARLAMENTO
- 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.3.1 CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA
 - 8.3.2 XESTIÓN ECONÓMICA
 - 8.3.3 CONVENIOS E ACORDOS
 - 8.3.4 AXUDAS E BOLSAS
 - 8.3.5 PUBLICACIÓNS
- 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 56 16 00

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727